


**Pandemia Covid-19**  
Limitacións oferta deportiva  
Limitacións actividades económicas  
Limitacións recursos económicos dispoñibles

**SISTEMA DEPORTIVO LOCAL**  
Deporte elemento fundamental de formación integral e mellora de calidade de vida



**FIN ESTRATÉXICO**  
Manter o valor acadado polo sistema deportivo local  
tentando minimizar os efectos da crise ocasionada polo Covid-19;  
con prioridade para o asociacionismo deportivo de base e o deporte social practicado polos cidadáns.

## FIN ESTRATÉGICO

**Manter o valor acadado polo sistema deportivo local**

**ÁMBITO: ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO (ASOCIACIONISMO DEPORTIVO)**

## OBXECTIVOS

- 1. MINIMIZAR O IMPACTO DA CRISE DO COVID-19 SOBRE O ASOCIACIONISMO DEPORTIVO**
- 2. GARANTIR A PERMANENCIA E VALOR DEPORTIVO DE TODAS AS ENTIDADES**
- 3. GARANTIR A ACCESIBILIDADE DE DEPORTISTAS DE BASE Á ACTIVIDADE DEPORTIVA**

**ESTRATEGIA 1  
ACCIÓN DE FOMENTO DIRIXIDA  
AO ASOCIACIONISMO DEPORTIVO**



**ACCIÓN 1ª  
ENCUNTROS CAS ASOCIACIÓN DEPORTIVAS**

**Manter o valor acadado polo sistema deportivo local**

## **ACCIÓN 1ª: ENCONTROS CAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS**

**Entre o 23 e o 30 de abril celébranse 7 xuntanzas por videoconferencia con 22 entidades privadas sen ánimo de lucro e de carácter deportivo**

### **OBXECTIVOS**

- 1) Coñecer a problemática xeral das entidades na nova situación.**
- 2) Analizar e prever o impacto para a próxima tempada.**
- 3) Sensibilizar sobre a necesidade de actuacións coordinadas de todos os axentes implicados para minimizar os efectos xerados pola crise do Covid-19.**

### **CONTIDOS**

**Tempada Actual:  
Actividade Deportiva e Situación Económica**

**Próxima Tempada:  
Expectativas Deportivas e Económica**

## RELATORIO BLOQUE ECONÓMICO (1)

Agárdase un contexto de redución orzamentaria en 2020, establecéndose como obxectivo principal pechar o exercicio sen déficit. Este aspecto é proporcional á dimensión da entidade, e os factores concretos que se contemplan son:

1. Redución de ingresos por cuotas, que foron suspendidas.
2. Casos de perda de patrocinios privados confirmada.
3. No caso de entidades con estruturas complexas, aplicación de ERTes aos traballadores.

## RELATORIO BLOQUE ECONÓMICO (2)

4. Gran impacto sobre as estruturas técnicas de confirmarse a imposibilidade de realización das actividades non federadas de verán.
5. Vese pouco probable unha redución das taxas federativas proporcional ao tempo de competición non celebrada.
6. Existen puntuais problemas de liquidez, debidos á propia redución de ingresos, ao pago non anticipado de subvencións e a non resolución das do exercicio 2019 por parte de outras administracións.
7. As subvencións do sector público deberían manterse ou incluso incrementarse se fose posible, considerando este factor fundamental por todas as tipoloxías de entidades.

## RELATORIO BLOQUE ECONÓMICO (3)

8. Pese a ser obvio, destaca a gran incerteza para realizar calquera cuantificación.
9. Previsións de redución orzamentaria, con preocupación por:
  - A) Redución xeral de subvencións por parte das diferentes administracións.
  - B) Minoración das sponsorizacións privadas empresariais e persoais (socios).

## RELATORIO BLOQUE ESTRUCTURA E ACTIVIDADE (1)

1. Sentimento maioritario de competicións xa rematadas, nun marco de incerteza ante a indecisión xeral das federacións que exploran aprazamentos de competicións ou versións adaptadas das mesmas ao mes de xullo. Tan só unha federación tomou unha decisión firme ó respecto
2. Incerteza sobre a resolución dos resultados deportivos: campionatos, ascensos e descensos.
3. No caso de deportes individuais con tempadas anuais existe esperanza con certo escepticismo sobre previsións federativas de recuperar o calendario concentrado a partir do mes de agosto.

## RELATORIO BLOQUE ESTRUCTURA E ACTIVIDADE (2)

4. Preocupación pola imposibilidade de efectuar actividades non federadas de verán, que son esenciais para manter as estruturas de club e constitúen un servizo básico para a conciliación das familias e a ocupación do lecer dos nenos e nenas.

Escolas de Verán Balonmán Xiria

Campamentos de Verán Basket Xiria

Campamentos de Verán “Un Paso Máis”

Campamento de Verán “Escola Lubiáns”

Escolas de verán de triatlón e natación AD Fogar

5. Necesidade de retomar actividade de adestramentos e non federada en canto esta se permita, mesmo nos meses de xullo e agosto, con desexo de dispoñer das instalacións deportivas do Concello de Carballo e dos centros educativos conveniadas.



## RELATORIO BLOQUE ESTRUCTURA E ACTIVIDADE (3)

6. Certos deportes minoritarios ven suspendidas as actividades de promoción, co conseguinte prexuízo na captación de novos deportistas que dean continuidade á práctica federada na tempada 20/21.
7. Os eventos deportivos singulares non celebrados suspéndense na súa meirande parte excepto os programados para o último trimestre do ano 2020, que se manteñen con incerteza.

Suspendidos:	Suspendidos:	Aprazados de incerta celebración:
Torneo internacional F8 Concello de Carballo.	LudiJudo	Escolas de Verán de Voleipraia
Carballo Handball Festival.	Trofeo Aberto de Salvamento e Socorrismo Virsal	Carreira popular solidaria "De 2 en 2"
12 horas BTT Carballo.	3X3 Hockei	Pequebasket
Campionato Galego de Autocross.		Trofeo Ciclismo Concello de Carballo
		Challenge Junior de Ciclismo

## RELATORIO BLOQUE ESTRUCTURA E ACTIVIDADE (4)

8. Pese a que o lóxico sería a redución de equipos e técnicos as intencións son manter ambos, e non renunciar á creación de novos equipos xa programada.
9. Chegado o caso, atenderíase orzamentariamente ao deporte de base sobre os equipos sénior.
10. Preocupa unha posible dificultade de acceso á práctica deportiva por motivos socioeconómicos, existindo a sensibilidade de xerar mecanismos de discriminación positiva dentro das propias entidades.
11. Preocupa a falta de confianza na volta á práctica deportiva de base por motivos sanitarios.



Acción de Fomento adaptada á crise ocasionada polo Covid-19



## **CONCLUSIÓNS BLOQUE ECONÓMICO TEMPADA ACTUAL**

**CONTEXTO DE REDUCCIÓN ORZAMENTARIA**

**DEPENDENCIA DE SUBVENCIONS PÚBLICAS**

**OBXECTIVO PRIORITARIO: PECHAR O EXERCICIO SEN DÉFICIT**



## CONCLUSIÓNS BLOQUE ACTIVIDADE DEPORTIVA TEMPADA ACTUAL

Expectativas de competicións rematadas con logros deportivos non definidos

Eventos deportivos singulares suspendidos ou aprazados

**OBXECTIVO PRIORITARIO: retomar as actividades non competitivas no período estival pola relación directa coa viabilidade das estruturas deportivas.**

## CONCLUSIÓNS BLOQUE ECONÓMICO TEMPADA 2021

**INCERTEZA TOTAL CON EXPECTATIVAS DE REDUCIÓN ORZAMENTARIA:**

**PERDA DE FINANCIACIÓN PRIVADA**

**REDUCIÓN DE SUBVENCIONES PÚBLICAS**

## CONCLUSIÓNS BLOQUE ACTIVIDADE DEPORTIVA TEMPADA 2021

**Compromiso unívoco co mantemento de estruturas deportivas de equipos e técnicos.**

**Atención especial á accesibilidade á práctica deportiva por motivos socioeconómicos.**

## RELATORIO CONCELLO DE CARBALLO

O Concello de Carballo, a través do Alcalde D. Evencio Ferrero e do Concelleiro de Deportes e Cultura D. Marcos Trigo, manifestaron as seguintes consideracións:

1. Todas as administracións públicas verán mermados os ingresos e o Concello de Carballo tamén se verá na necesidade de axustar os orzamentos do presente exercicio á nova situación de xeito realista e responsable, tendencia que proseguirá en 2021.
2. Debe terse en conta que o feito de que a área de deportes xere ingresos pola prestación de servizos aos usuarios individuais redunda na asignación de subvencións ás entidades deportivas, seguindo a directriz segundo a cal o xerado polo deporte é reinvertido no propio deporte. Desde a declaración do estado de alarma o Concello de Carballo deixa de xerar ingresos pola prestación de servizos deportivos.
3. Agardamos que os resultados da xestión económica municipal durante os últimos anos nos permitan manter o compromiso co tecido asociativo, ao cal precisamos para manter o valor do sistema deportivo local, e que debe seguir sendo amplo e diversificado cando superemos esta situación especial.
4. Este compromiso tratarase de concretar, entre outras, ca medida de manter ou incrementar o importe económico das subvencións previstas para o exercicio 2020, e mantelas na mesma porcentaxe do orzamento xeral do Concello de Carballo para 2021, sempre supeditado ás posibilidades orzamentarias reais.

## ACCIÓNS CONCRETAS CONCELLO DE CARBALLO

1. Compromiso de manter ou incrementar as subvencións de actividade xeral destinadas ao deporte para 2020, mantendo a mesma porcentaxe do orzamento xeral do Concello de Carballo para 2021, sempre supeditado ás posibilidades orzamentarias reais.
2. Dotar de liquidez ás entidades para posibilitar a súa subsistencia e eliminar incertezas, de xeito que se convocarán as subvencións en materia de deporte para 2020 á maior brevidade e as do exercicio de 2021 en canto sexa aprobado o orzamento xeral do Concello de Carballo para 2021 e seguirase practicando o pago anticipado do 95% das subvencións concedidas.
3. Poñer a disposición das entidades deportivas os equipamentos deportivos municipais durante os meses de xullo e agosto, eliminando ou minimizando o peche de verán.
4. Adoptar protocolos estritos que garantan a seguridade sanitaria na práctica deportiva e favorezan o retorno de usuarios á mesma.
5. Colaborar en campañas de promoción de deportes minoritarios en perigo de redución de actividade.